

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA A FINANCIACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO DO COMPLEXO DOTACIONAL DE EDIFICIOS DE CIENCIAS DA SAÚDE (NOVO EDIFICIO PARA A FACULTADE DE MEDICINA E ODONTOLOXÍA)

En Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017

COMPARECEN

Dunha parte, **D. Jesús Vázquez Almuiña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente.

Doutra parte **D. Juan Manuel Viaño Rey**, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) segundo nomeamento efectuado polo Decreto 62/2014, de 28 de maio, actuando en nome e representación desta en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da USC, con CIF Q1518001A, e sede social no Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

1º) A Facultade de Medicina da USC, creada en 1648, ocupa desde 1928 un edificio na rúa San Francisco do casco histórico de Compostela, onde se trasladou desde o Colexio de Fonseca para estar preto do Hospital Real (entón Hospital Clínico).

Co tempo, as instalacións resultaron insuficientes para satisfacer o incremento da demanda de actividade clínica e asistencial, polo que se fixo necesaria a construción dun novo edificio para o Hospital Clínico que se situou na Choupana, inaugurándose en outubro de 1999 e que se coñece como Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS).

2º) Como entón, e dada a conveniencia para a formación dos futuros profesionais sanitarios da existencia dunha proximidade física entre os servizos docentes e investigadores das Facultades de Medicina e Odontoloxía e de Enfermaría e o lugar en que se presta a atención clínica aos pacientes,



converteuse nunha necesidade prioritaria e unanimemente admitida abordar o reto da dotación dunha nova Facultade de Medicina e Odontoloxía próxima á nova infraestrutura hospitalaria.

Posteriormente creouse pola USC a agrupación estratéxica Campus Vida, biocluster no campo das ciencias da saúde, alcanzando en 2011 a cualificación de Campus de Excelencia Internacional de referencia global.


En 2008, constituíuse mediante convenio entre o Servizo Galego de Saúde, a Consellería de Sanidade e a USC, o Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), que de seguido acadou a acreditación do Instituto de Saúde Carlos III, integrando a profesores de áreas clínicas da Facultade de Medicina e a persoal do Hospital, no que ten situada a súa sede.

3º) A USC construíu tamén nas proximidades do Hospital Clínico Universitario, o Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS) que integra a grupos de investigación de profesores de materias básicas da titulación de Medicina (Fisioloxía e Anatomía, fundamentalmente), iniciando o seu funcionamento o mes de xaneiro de 2012, e o Centro de Biomedicina Experimental (CEBEGA), contiguo ao CIMUS, o que consolida o centro da actividade investigadora en materia biosanitaria no espazo que relaciona o Campus Vida e o Complexo Hospitalario Universitario.

4º) A impartición da docencia nas instalacións da rúa San Francisco, cando a actividade clínica e practicamente a totalidade da actividade investigadora se realizan no Campus Vida, ocasiona importantes disfuncións, o que converte en urxente a dotación dun novo edificio para albergar a Facultade de Medicina e Odontoloxía no entorno do Hospital Clínico Universitario, e incorporar no complexo e no actual Pavillón Docente as necesidades da Facultade de Enfermaría.

5º) De conformidade co previsto no artigo 126 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, as autoridades públicas competentes en materia de educación e sanidade establecerán un réxime de colaboración entre as universidades e as institucións sanitarias nas que se deban impartir ensinanzas universitarias, para os efectos de garantir a docencia práctica de medicina, enfermaría e outras ensinanzas que así o esixisen, mediante os oportunos convenios.

De conformidade co anterior, a Xunta de Galicia a través do Servizo Galego de Saúde, e a USC, están interesados en traballar conxuntamente para a dotación dun novo edificio para a Facultade de Medicina e Odontoloxía e a ampliación do hospital de Conxo para a reubicación dos servizos asistenciais do hospital Gil Casares.



6º) En aras a posibilitar a dotación dun novo edificio para a Facultade de Medicina e Odontoloxía a carón do Hospital Clínico Universitario, asinouse o 27 de abril de 2016 un Convenio de Colaboración para o desenvolvemento das actuacións previstas para a dotación dun novo edificio para a Facultade de Medicina e Odontoloxía. Na súa cláusula terceira establecía a colaboración no financiamento dos custos que xeren as primas de participación no concurso na contía máxima de 60.500 € con cargo á partida orzamentaria 5001 412A 744.1 destinado ao pagamento de cinco primas no concurso de proxectos. Para estes efectos asinouse un Protocolo de cooperación o 24 de maio de 2017 entre a Consellería de Facenda, Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela, para a dotación da futura facultade de medicina e odontoloxía da Universidade de Santiago e o traslado das instalacións asistenciais do Hospital Gil Casares, e fíxose efectivo o dito aboamento por parte do Servizo Galego de Saúde.

7º) Para seguir avanzando na construción da nova Facultade, o Convenio de 27 de abril de 2016 referenciado, xa contemplaba no segundo parágrafo da cláusula segunda a contratación da redacción do proxecto básico ao gañador do concurso de ideas, por procedemento negociado sen publicidade no momento en que se dean as condicións que aseguren a viabilidade da execución do proxecto. Na súa cláusula quinta se adiantaba que o Servizo Galego de Saúde e a USC establecerán os instrumentos que se consideren necesarios para financiar os custos de redacción do proxecto básico. En todo caso, calquera compromiso de financiamento adicional exixirá un novo acordo entre as partes.

8º) Por Resolución reitoral de data 19 de decembro de 2016, consonte o ditame elevado con data 1 de decembro de 2016 polo Xurado do Concurso, declarouse gañadora á proposta de anteproxecto que se presentou baixo o lema "ENXEBRE", cuxa proposta económica de honorarios de redacción do proxecto básico foi de 354.142 euros (sen IVE), 428.511,82 € (IVE incluído). A resolución de adxudicación do contrato formalízase o 9 de xuño polo dito importe (**Anexo I**).

9º) Así mesmo, en data 24 de maio de 2017, asínase o Protocolo de cooperación citado, manifestando así a vontade conxunta para a dotación dun novo edificio para a facultade de medicina e odontoloxía.

10º) A través deste convenio, danse novos pasos para seguir avanzando na colaboración entre as universidades e as institucións sanitarias nas que se deben impartir ensinanzas universitarias, para os efectos de garantir a docencia práctica de medicina, enfermaría e outras ensinanzas que a así o



esixan, de conformidade co previsto no artigo 126 da Lei 8/2008, do 10 de xullo.

Cómpre ter en conta a concorrencia de razóns de interese público e social, así como a especificidade técnica que require a cobertura das prazas docentes para asegurar a mellor formación para os futuros profesionais sanitarios, polo que resulta innegable o interese do Sistema Público de Saúde de contribuír á formación dos mesmos.

A Lei orgánica 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, no seu artigo 104, estableceu as bases xerais do réxime de concertos entre as universidades e institucións sanitarias, determinando o marco normativo da colaboración entre ambas institucións mediante a subscrición dos correspondentes concertos para garantir os obxectivos docentes, asistenciais e de investigación.

Este espírito de necesaria colaboración foi recollido tamén na Lei 8/2008, do 10 de xullo, que dedica o capítulo I do Título IX á regulación da docencia e formación, incidindo na necesidade de coordinación e colaboración entre as universidades e as institucións sanitarias en materia de educación e sanidade.

Tendo en conta os compromisos adquiridos nos instrumentos aos que nos temos referido anteriormente, unido ao feito de que se trata de formación regrada impartida exclusivamente en centros docentes do Sistema Universitario de Galicia, o réxime destas axudas encádrase no procedemento de concesión directa regulado nos artigos 19.4c) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En base ao exposto, ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a necesaria capacidade e acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto deste convenio é establecer a colaboración entre as partes para a financiamento da redacción do proxecto básico do Complexo Dotacional de edificios de ciencias da Saúde adxudicado polo órgano de contratación da USC para avanzar na posta en marcha do proxecto de construción dunha nova facultade de Medicina e Odontoloxía da USC, a carón do actual Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.

SEGUNDA.- O Servizo Galego de Saúde colaborará no financiamento dos custos que que xere a redacción do proxecto básico do Complexo Dotacional referenciado na contía máxima de 428.511,82 € euros, con cargo á partida orzamentaria 5001.412A.744.1 "Convenios con Universidades" do seu



orçamento de gastos do exercicio 2017, na que existe crédito axeitado e suficiente.

En canto aos gastos subvencionables atenderase ao disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan ao obxecto deste convenio durante o seu período de vixencia

Para os efectos do previsto no artigo 46 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ao remate da entrega do proxecto básico, a USC presentará antes do 15 de decembro de 2017 os documentos xustificativos que acrediten expresamente o destino e importe dos gastos efectivamente realizados, unha vez comprobados os cales se procederá ao ao seu pagamento.


Nos termos recollidos nos artigos 28 a 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como nos artigos 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a xustificación do cumprimento consistirá na certificación da intervención da USC ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que ten sido concedida.

Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, acreditarase na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades. En calquera caso, as cantidades percibidas non poderán superar en ningún caso dos custos derivados da adxudicación e execución do contrato.

Así mesmo, a USC comprométese a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións

TERCEIRA.- A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CUARTA.- Crearase unha comisión de seguimento deste convenio integrada por dous representantes de cada administración, á que lle corresponderá velar polo cumprimento dos compromisos acadados neste convenio, e a resolución das diferenzas que poidan suscitarse entre as partes ou que se orixinen pola interpretación das súas cláusulas.



A comisión de seguimento reunirase por solicitude de calquera das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un representante de cada entidade.

QUINTA.- O convenio producirá efectos a partires da data da súa sinatura e manterase vixente ata o 31 de decembro de 2017, coa posibilidade dunha prórroga anual condicionada á existencia de crédito, no caso de resultar necesaria para o cumprimento do seu obxecto, mediante a subscrición da oportuna addenda de acordo co previsto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A modificación deste acordo deberá ser aprobada polas partes, previo debate e discusión no seo da Comisión de seguimento.


SEXTA.- Sen prexuízo das causas de reintegro previstas no Título II da Lei 9/2007, de 13 de xuño, este convenio poderase resolver por algunha das seguintes causas:

- a. Polo acordo expreso das partes asinantes, formalizado por escrito.
- b. Pola ausencia de redacción do proxecto básico.
- c. Pola imposibilidade sobrevida do cumprimento das actividades descritas.
- d. Por denuncia expresa de calquera das partes.
- e. O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas ou das obrigas recollidas neste convenio dará lugar ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e o xuro de demora correspondente de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.
- f. A aplicación dos fondos outorgados a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas, e en todo caso a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar, se con isto se alterasen os obxectivos deste convenio, á modificación dos importes das axudas.

SÉTIMA.- Este convenio de colaboración ten natureza administrativa. As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na súa aplicación.

En todo o non disposto neste convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e en canto non se opoña ao establecido na dita lei, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións



As partes comprométense a cumprir e seguir este acordo de colaboración segundo o espírito que o fixo posible e, en proba de conformidade, o asinan en catro exemplares, e a un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo Servizo Galego de Saúde



D. Jesús Vázquez Almuiña

Pola Universidade de Santiago de Compostela



D. Juan Manuel Viaño Rey